



**D<sup>a</sup>. Elena Candia López,**  
presidenta da Deputación Provincial de Lugo,

**D. Francisco Javier Balado Teijeiro,** deputado de Cultura,

**D. Juan Carlos Armesto Quiroga,** deputado de Turismo,  
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

## **A MARUXAINA E OUTRAS SEREAS.**

Esculturas de Otero Regal, textos de Pablo Mosquera e Paco Rivas.

Acto que terá lugar o vindeiro venres, día 17 de xullo de 2015, ás 20:00 horas, no Museo Provincial do Mar de San Cibrao.

Avda. da Mariña, s/n.  
San Cibrao (Cervo-Lugo)  
Tel. 982 59.45.84  
[www.redemuseisticalugo.org](http://www.redemuseisticalugo.org) / [difusion@museolugo.org](mailto:difusion@museolugo.org)

Máis información



-  
a  
maruxaina  
e  
outras  
sereas  
-

17  
xullo  
2015

## A EXPOSICIÓN

### A maruxaina e outras sereas esculturas de otero regal, textos de pablo mosquera e paco rivas

Desde o punto de vista cultural estamos ante unha vella tradición entre as xentes que viven pendentes do océano. Desde o punto de vista popular estamos ante unha festa de enorme concorrencia en pleno verán da Mariña.

Pero hai máis. É a eterna dualidade entre o ben e o mal, o xuízo popular ante unha lenda que fala da conduta dunha serea coas xentes que viven do mar; ata con xuízo na noite de agosto, diante do pobo.

As cartas mariñas sempre indicaron a presenza das illas que deron lugar a San Cibrao e nesas illas, entre aves mariñas, acantilados capaces de dar ao traste cos buques, vive unha muller que pode ser causa de medo ou de ledicia.

Na cova de Xan Belo, e tal como a describiu Luís Seoane en 1948, desde o seu exilio de Bos Aires, esa estraña criatura co seu candil, oculta, pero facendo sentir a súa presenza, convértese nun mito que se transmite oralmente, de xeración en xeración.

É a feiticeira dunha Galicia medorenta do alén, das profundidades e das galernas, que sabe dos cambios de carácter, do vento e do mar

Hoxe as deidades son outras, de carne e óso, universitarias, capitáns de empresas multinacionais, enganchadas ao teléfono móbil e ao ciberespazo, pero moitas veces actúan como A Maruxaina.

Por todo isto e con todo isto, Otero Regal, Pablo Mosquera e Paco Rivas, argallamos esta exposición, estes textos, un libro e todo un seminario durante xullo e agosto con destacadas personalidades da cultura vinculadas á Mariña que disertarán sobre **A Maruxaina e outras sereas** da nosa mitoloxía particular.



Do 17 de Xullo ao 31 De Agosto  
Museo Provincial do Mar de San  
Cibrao (Cervo)  
Deputación Provincial de Lugo